

## **BASES DO CERTAME DE CARROZAS DE ENTROIDO – ANO 2012**

O Concello de Rianxo, a través da súa Área de Educación, Cultura e Normalización Lingüística, e co obxectivo de promociona-las tradicións que lle son propias na celebración do Entroido, ven de convocar un Certame de Carrozas de Entroido, a celebrar vindeiro martes día 21 de febreiro, segundo as seguintes:

### **BASES:**

1º.- Poderán participar neste Certame calquera entidade non lucrativa legalmente constituída, ou ben os grupos informais de persoas, interesados en conformar unha carroza de entroido. No caso de participación de menores poderase requirir autorización expresa dos seus titores legais ao efecto e o nomeamento dun representante maior de idade. As carrozas estarán conformadas por un **mínimo de 6 persoas.**

2º.- As inscricións para participar neste certame realizaranse no impreso normalizado que se facilitará ao efecto, debendo deixar constancia dos datos da entidade ou grupo, así como os do seu / súa representante, acompañando fotocopia autenticada do DNI. As entidades sen fin de lucro so poderán estar representadas polo seu presidente, que ademais de asinar a solicitude deberá acompañar copia autenticada da Acta na que se efectuou dito nomeamento. Poderán formalizarse no Centro Sociocultural - Auditorio de Rianxo, de luns a venres de 9 a 14 horas (telf.: 981 100 688 / 664 180 632). **A data tope a efectos de inscrición é o luns 20 de febreiro antes das 14:00 horas.** Non se inscribirá ningunha carroza despois da data e hora antes citada.

3º.- O tema, confección, motivo, elementos, materiais, etc. serán totalmente libres. En todo caso e a efectos do Certame, **entenderase por carroza aquel aparello móbil conformado por unha plataforma debidamente adornada e preparada e sobre a que, polo menos, a metade dos seus compoñentes, desenvolven unha escenificación.**

4º.- Premiarase, fundamentalmente, a **orixinalidade, o esforzo na realización da carroza, as ornamentacións, as coreografías e, en definitiva, todo o que implique creatividade** e utilización e creación destes elementos a partir de recursos non comerciais. Non se admitirá ningún tipo de publicidade comercial. As carrozas inscritas deberán participar no correspondente desfile, co recorrido e orde, que lles serán indicados no intre da inscrición.

5º.- Establécese un único premio dotado cun importe de **600 €.** Dito premio levará consigo a retención en concepto de IRPF, que resulte da aplicación segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.

6º.- O xurado estará formado por membros da Corporación do Concello de Rianxo, sendo potestade do mesmo designar a aquelas persoas que estime convinte en calidade de asesores. Estará composto alomenos por 1 presidente 2 vocais e 1 secretario, sendo este persoal do Concello de Rianxo

7º.- Toda interpretación sobre as presentes bases correspóndelle unicamente ó xurado.

8º.- O fallo do xurado do Certame de Carrozas, que será inapelable, farase público, no transcurso dos actos desenvolto ao longo da tarde do Martes de Entroido. O premio poderá ser declarado deserto.

9º.- Os/as gañadores/as farán efectivo o cobro do premio na mesma data, previa cumprimentación do oportuno xustificante, que deberá ser asinado polo representante da carroza premiada, e presentación da demais documentación xustificativa que poida ser requirida a efectos fiscais. A única persoa autorizada para efectuar o cobro do premio será aquela de formalizou a inscrición e deberá acudir provista do DNI.

10º.- A inscrición neste certame leva aparelhada a aceptación e cumprimento das presentes bases.

11º.- O órgano municipal competente asumirá a proposta do xurado e concederá o premio no momento da aprobación da conta xustificativa do pago a xustificar